

6 *Review*

R. ROMERO,
Eugenia
Contemporary
Galician Culture in
a Global Context.
Movable Identities

Plymouth: Lexington Books

2012. 151 pp.

ISBN 978-0-7391-6548-5

Helena González
Fernández
 Universitat de Barcelona

Empregar como ferramenta de análise e como marco teórico as metáforas cartográficas proxectadas sobre o mapa da globalización leva, sen dúbida, a bater con territorios identitarios e ideolóxicos que non podía topografar na súa carta xeométrica o insigne cartógrafo galego Domingo Fontán (1788–1866). Os lugares da nación na actualidade sobardan as representacións cartográficas que deron corpo ás nacións no marco da modernidade, singularizadas por un accidente xeográfico e unha fronteira administrativa aquí, e unha isoglosa lingüística acolá. O territorio identitario artéllase como unha complexa rede discursiva de singularidades, ritos, certezas, contradicións, ou dito doutro xeito, de illas no espello, repeticións, relatos, monumentos e, no discurso da nación en Galicia, esa contradicción irresolúbel da saudade canda o ferrete da retranca.

Cando a identidade emprega o criterio do lugar para dicir a nación o mapa resulta un debuxo eficaz do corpus lexitimado, intelixíbel, pero incompleto, pois temos a certeza de que non se pode pensar a nación sen os corpos, e os corpos desbordan o lugar. Antes da globalización parecía imposible dicir a nación sen pensar no seu territorio; agora, co aumento da mobilidade e a irrupción de internet temos a certeza de que son os vínculos os que crean comunidade, non as fronteiras. Este novo punto de ancoraxe resulta ben máis complexo porque implica situarse nos puntos de negociación e pacto, desconfiar da uniformidade para atender á complexidade, matizar a certeza do único para atender ás diferenzas intrínsecas, refugar o confort do relato esencializador, aínda que sexa estratéxico, para pular por unha política do común; e política, pensada no sentido arendtiano, implica que o vínculo só se pode establecer desde as diferenzas. Porén a nación, vista en primeiro lugar como territorio, ofrece unha ilusión de concreción. Pensar a partir do mapa resulta moi eficaz, como ben sabía Antón Reixa cando falou de Galicia como a República de Sitio Distinto e Miguel Anxo Murado no ensaio *Otra idea de Galicia* (2008); un libro este que se abre

R. ROMERO, Eugenia
*Contemporary Galician
Culture in a Global Context.
Movable Identities*
Helena González
Fernández

precisamente cunha referencia ao mapa de Fontán, e que cumpriría traducir ao inglés porque alí se cartografía o territorio e se retratan persoas e acontecementos significativos sen reverencias litúrxicas.

Eugenia R. Romero forma parte desa estimulante, prolífica e influínte xeira de galicianistas que, desde as universidades anglosaxonas (Australia, Estados Unidos, Irlanda, Nova Celandia, Reino Unido), tentan facer intelixíbel a cultura galega alén do comareiro e procuran para ela un lugar de seu no marco da globalización. O seu marco de estudo é postnacional, e por esa razón teñen máis interese no que esta cultura ten de mobilidade, contacto, porosidade, traslado. Falan, xa que logo, de como a experiencia histórica e persoal do movemento dos corpos inflúe de maneira decisiva na construción do imaxinario da nación. Repárese particularmente nos traballos de José Colmeiro e Kirsty Hooper, dous referentes que constitúen o punto de partida para o libro de Romero que aquí reseñamos, *Contemporary Galician Culture in a Global Context. Movable Identities* (2012).

O libro organízase en catro capítulos. No primeiro trátase da emigración como un dos indicadores máis salientábeis da identidade galega, e, seguindo a John Turner, considérase un factor positivo e unha oportunidade para a creatividade social. Para situar o debate a autora elixe un corpus pequeno pero significativo: os filmes de Chano Piñeiro, Miguel Castelo e Ignacio Vilar, dous relatos de Castelao e mais a campaña institucional, 'Vive en galego'. O segundo analiza un dos temas axiais na representación da nación: o espazo e a escrita da historia na contradición entre os mitos situados no territorio de orixe e a evidencia dunha longa historia de mobilidade. Neste caso parte de novelas en castelán de Gonzalo Torrente Ballester e en galego de Manuel Rivas, e o parque do Pasatempo e mais o Museo do Pobo Galego pola súa condición de lugares de memoria nos que se evidencian as contradicións entre pasado e presente, rural e urbano. O terceiro céntrase na saudade no eixo do fantástico para analizar a desterritorialización da identidade a partir de dúas novelas en galego de Suso de Toro e Dolores Ruíz e mais un filme de Rubén Riós, o que lle serve para estudar a tematización da ausencia en representacións femininas e nun tótem espectral, a Santa Compañía. Finalmente no cuarto capítulo sitúase no marco da globalización para amosar como a música chamada folk está a modelar unha idea da Galicia glocal, situando a cultura galega alén das fronteiras e formulando os seus proxectos desde a hibridación como reto constante. Na súa análise inclúe músicos variados dende Siniestro Total a Xoán Curiel, de Uxía a Narf.

Eugenia Romero abre o libro preguntándose 'Onde está Galicia no mundo?' e empeza referíndose á nación na súa representación máis recoñecíbel: chantada en Fisterra, que é asemade o lugar no que se está, lugar de partida, punto de regreso. Por tanto, vivir, viaxar, emigrar son tres modulacións do movemento, e ese é o cerne do libro de Romero: estudar a cultura e a nación como o resultado da mobilidade global, que, no caso galego é tamén un dos trazos constituíntes. *Contemporary Galician Culture in a Global Context* non pretende, logo, reproducir o discurso dominante noutra lingua e noutra cultura senón identificar desde fóra aqueles trazos diferenciais que singularizan a cultura galega e poden facela máis intelixíbel na globalización. Recupera, logo, aqueles elementos que forman parte do relato da nación, e que foran formulados como carencia, para superar a dialéctica pasado-presente e deles como un factor positivo.

Eugenia R. Romero artella a súa análise a partir do termo *galeguidade*, empregado como concepto identitario glocal que recolle, ao seu ver, as políticas de internacionalización de institucións, a nación imaxinada

R. ROMERO, Eugenia
*Contemporary Galician
Culture in a Global Context.
Movable Identities*
Helena González
Fernández

pola emigración mais tamén a nación tal como a artellan os proxectos culturais centrais e máis internacionalizadores nas últimas décadas. A elección do concepto non está exento de risco e debate. A etiqueta *galeguidade* foi empregada con moito éxito polo goberno galego conservador, mais o seu uso en substitución do suxeito identitario *galega/galego* resulta discutíbel desde posicións políticas nacionalistas, tanto independentistas como non. A súa vixencia mesmo se reafirmou, e con éxito merecente de estudo, nas populares campañas de supermercados Gadis, 'Vivamos como galegos!'. Agora ben, aínda que *galeguidade* é un concepto que, ao meu ver, atranca máis que o que resolve, na procura que fai Romero dun concepto que non estea tan marcado pola orixe e a pertenza, é dicir, polo estatismo e a territorialidade, hai sen dúbida un acerto: o de retratar unha identidade dinámica e líquida, en constante proceso de renegociación e adscrición das identidades, que son múltiples e nómades, como diría Rosa Braidotti. Por iso, e aínda que Romero non o cita, Zygmunt Bauman parece estar presente nese interese pola épica navegante que agroma con forza a finais do século XX que a autora salienta nos últimos capítulos do libro. Primeiro, ao citar un treito da nau/nación segundo Luar na Lubre: 'Esta é unha nau imaxinaria na que navegamos / a través do mar da historia as xentes de Galicia' (31). A nau/nación imaxinaria pon en evidencia a súa desterritorialización, e por esa razón o movemento e a ausencia lle resultan tan interesantes a Romero para entender a nación. O motivo retómase desde a experiencia dos corpos, desde a emigración, noutra cita destacada, neste caso de Narf: 'Son galego de Caracas, galego de Santiago, / galego de Roma, de Lima, do Cairo, de Bogotá. / Galego na Galicia imaxinaria' (97).

O obxectivo do estudo de Eugenia R. Romero é facer intelixíbel no marco dos *Iberian Studies* qué papel pode ter o estudo da cultura galega como un ámbito desde o que desestabilizar a lectura da experiencia transatlántica. Pero, sobre todo ten unha virtude: incomodar a lectura establecida e xerar, xa que logo, moitos interrogantes entre a mirada interior e o que parece diferencial e distintivo na mirada desde fóra. O principal interrogante xorde, ao meu ver, do peso que ten a emigración, a saudade e mesmo o espectral no discurso modelizador da identidade, aínda que estas cuestións sexan entendidas como factores positivos porque a tematización da carencia como articulador do retrato da nación implica un discurso da insatisfacción, da débeda e da inxustiza. De feito, a mesma Romero dá en subliñar no remate do libro esa idea da ausencia como diferenza cando cita, e fai seu, o concepto de nación de Ernest Renan, 'a historical result induced by a series of facts that converge in the same direction' (128). Polo tanto, argumenta Romero, 'Galicia is emigration, *saudade*, attachment, absence, *terruño*, the Atlantic Ocean, Galician, Castilian, English, past, present, urban, rural, modern, backwards' (128; cursivas no orixinal). E ao converter a ausencia en motivo central da definición da identidade, sen ter en conta outros factores, acaba por esencializar o concepto. O mesmo Renan, que tanto estimou o valor político da narración do pasado tamén insiste en que a existencia dunha nación é un plebiscito de todos os días, e nesa renegociación diaria a narración da ausencia é só unha parte. Mesmo os novos fluxos migratorios que caracterizan os comezos do terceiro milenio provocan unha fenda nas experiencias da emigración do XIX e o XX. Ese (excesivo?) protagonismo da emigración e da ausencia, que ata agora serviu máis para reforzar o relato saudoso e patriarcal da nación, descobre as múltiples miradas sobre esa nación que non se cingue a un territorio senón á experiencia dos corpos. A retranca, porén, sempre foi ferramenta útil pero pouco considerada. A

*R. ROMERO, Eugenia
Contemporary Galician
Culture in a Global Context.
Movable Identities*
Helena González
Fernández

retranca aparece mesmo en autores do corpus de Romero, e con ese humor de dobre fío procúrase a desencialización, o presente máis que o pasado, a afirmación do conflito máis que a carencia, a incorporación de posicións e discursos que inciden no presente. Neste sentido a lectura do libro de Romero pode completarse co volume de entrevistas recentemente editado por José Colmeiro, *Galeg@s sen fronteiras. Conversas sobre a cultura galega no século XXI* (Xerais, 2012).

Eugenia R. Romero, co seu libro, ratifica dous feitos que cómpre ter en conta nos estudos galegos. En primeiro lugar, e seguindo o camiño dos estudos culturais, a perda de centralidade da literatura, no sentido clásico, como formante do discurso cultural da nación. En segundo lugar, a aparición dun marco de comprensión glocal no que o confort da comunidade dada se troca pola hibridación e o nomadismo. Benvidas sexan análises como as de Romero porque, cambiando os marcos, abre interrogantes e conflitos, e, sobre todo, porque procura pasarelas de intelixibilidade para esa cultura da República de Sitio Distinto, sen fronteiras.